



DE QUE TRATA ESTE OBRADOIRO?

Trátase dun proxecto de detección do acoso escolar nas aulas, a través do cal crear un espazo de reflexión crítica e diálogo onde abordar aspectos das relacións entre as persoas, a convivencia nos diferentes contextos, as situacións de desequilibrio e a existencia de relacións baseadas na violencia coas súas diferentes manifestacións (acoso/ ciberacoso), nos centros educativos de Narón.

Estes obradoiros desenvolveranse co alumnado (de xeito individual e grupal), coas familias e co profesorado.

Neles traballarase cos menores e as súas familias a realidade da expansión do acoso escolar na poboación menor, explicándolles a perigosa práctica e o papel das tecnoloxías como facilitadores da aparición dunha problemática neste senso

INFORMACIÓN

CONCELLO DE NARÓN
SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
TELF. 981 33 77 00 EXT. 1122/1108/1109
omix@naron.gal



CONCELLO DE NARÓN



Obradoiros de convivencia escolar e prevención do acoso escolar



PARTICIPANTES

- Alumnado que curse 6º de educación primaria e 1º de ESO, escolarizado nos centros de ensino de Narón.
- Familias do alumnado que participan no programa ou abertos ás familias do centro.
- Profesorado dos centros educativos que participan no programa.

OBXECTIVOS

- Crear un clima positivo nos centros que favoreza que a escola sexa un lugar de convivencia, de aprendizaxe e de crecemento persoal do alumnado.
- Traballar aspectos da intelixencia emocional que poidan previr situacións de acoso en calquera das súas manifestacións: empatía, expresión de emocións, estratexias de autorregulación, establecemento de límites, etc.
- Capacitar as/os menores para identificar as situacións de acoso escolar e ciberacoso, e saber como actuar ante elas.
- Filtrar a perspectiva de xénero e o seu efecto nas propias relacións de desequilibrio, ou agresións interpersoais.
- Fomentar no alumnado, profesorado e familias unhas habilidades comunicativas asertivas que repercutan positivamente nas súas relacións

